


ANO XIII • Nº 408


do 19 de Abril ó 2 de Maio de 1993

Vinte pesos



IRIMIA

REVISTA
QUINCENAL
DE CRENTE
GALEGOS



**A AUGA,
VELLA AMIGA**

Reconciliármonos coa auga

Este sorprendente líquido que non ten color nin sabor nin olor, nin tampouco forma determinada ningunha, é unha criatura misteriosa da que procede a vida, constituíndose en nai universal; pero tamén se troca en madrastra portadora de enfermidade, contaxio e morte. A franciscana pinga solitaria do orballo, se lle dá por asociarse a outras que entran en trance de rebelión, pode producir catástrofes cósmicas.

Sendo disolvente universal, o ser humano botou man dela coma un ben útil para a propia hixiene, pois con ela leva as nosas suores e os nosos desperdicios corporais. Con todo, a domesticación da auga tardou séculos en se producir e a chamada "auga cerrada" (*water closed*) é cousa de hai poucos anos. Pero hoxe a auga é un misterio manipulado pola billa. Perdémolle o respecto e abusamos dela, contaminándoa. E xa moitos nin saben sequera o que é a *auga viva*.

E a auga revirouse contra o home. Se outrora as grandes liortas de tribos e clans xurdían arredor da posesión da auga dos pozos, e as grandes civilizacións naceron á beira dos ríos, hoxe asistimos a unha traxedia por culpa da nova civilización industrial. E xa hai quen di que as guerras do futuro serán produto da escaseza da auga.

Estamos asistindo á vinganza da auga e a conseguinte desertización do noso planeta, que se é chamado azul, éo de resultas de que está envolto pola auga en estado gaseoso. Dalgún xeito, a auga constitúe ese líquido amniótico cósmico que nos dá vida. Cómpre reconciliármonos coa nosa nai ou, se preferimos máis franciscanamente, irmá Auga.

Para un cristián, ademais, a auga é elemento significativo do novo nacemento polo bautismo; e se é galego, sabe o que val este tan prezado líquido no país da lentura que é Galicia. Quédanos moito que cavilar sobre as relacións íntimas entre a esixencia ecolóxica e a teoloxía da creación. Tamén a auga é criatura de Deus, non mero *obxecto* de consumo, senón tamén *suxeito* de dereitos. Cando abramos-la billa, ¿habemos considerar que estamos perante un ben escaso?

Daniel López Muñoz

A voltas co acoso e derribo do agro

A Europa apampante do hiper-benestar, que nos oferta felicidade e salvación a ritmo de *tres polo prezo de dúas*, está empeñada nun modelo de producir e vivir que, entre outros requirimentos, esixe que só un 3 ou, máximo un 5% da xente viva da agricultura.

Pero ¿que alternativa lle ofrece a cidade ó campo? ¿Que xeito de gaña-lo pan, o teito e a educación; de convivir e relacionarse equilibrada e pacificamente; de crear e sentirse donos dun destino persoal?

Estamos coma motos neste choio da europeización que nos leva a unha terra prometida de fartura plástica e incontrolables residuos. ¡Oh Santo Consumo, que gustirrinín nos dás! O prezo é acepta-los intocables designios do mercado que di: ¡jai daqueles, coma os labregos, que se empeñan en adica-los seus esforzos en actividades escasamente *productivas* porque serán engulidos coma produtores e cagados coma pobres parados ós que é mester subsidiar!

Ter ocupados no rural é mellor que ter parados nos grises arrabaldos das cidades, tantas veces temibles concentracións de miseria, incultura, e violencia social.

Pero hai algo máis. De Europa véñennos grandes contradicións. A mesma Europa

que nos introduce nun mercado despiadado, e vai varrendo do noso mapa a forma de vida campesiña, dános directrices para "erradica-las bolsas de pobreza no rural", para converte-los agricultores en "xestores do medio natural", para "freal a erosión e a desertización". ¿Como facelo sen labregos e labregas? ¿Como sen defender un reparto máis equilibrado das cotas de produción de leite, un reparto que deixe de primar ós países máis adiantados e se faga en función da xente que vive do campo?

¿Que por que volvemos sobre o tema? Pois para apoiar ós que, coma o Sindicato Labrego Galego, están dando a cara para que en Europa nos deixen producir e manter vivas as familias labregas e con elas ó País no que vivimos e que nos dá a vida. E para apoialos en contra dos xornalistas e voceiros dese *productivo euro-paraiso de plástico*, que acusan a aquel sindicato de practicar un *agrarismo letal*. O letal son os pesticidas dos produtos agrarios que importamos de Europa e América. Letal é para a nosa economía que nos condenen a permanecermos ananos. Letal é para o noso medio ambiente que o agro quede deserto.

Por iso un agrarismo crítico, é hoxe vital.

IRIMIA

EDITA: Empresa periódica A IRIMIA.

DIRECTORA: Carmen Puente Fernández, 15705 C/ Pombal, 30 (Santiago) Teléfono 58 5330.

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Muñoz, Xosé Chao Rego, Carmela Capeáns Leis, Mariano Guizán Sánchez, Luciano Pena Andrade, Manolo Regal Ledo, Beatriz García Turnes, Manoli Paz Baña, Pedro Pedrouzo Devesa.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Xosé A. Miguélez, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tereixa Ledo, Colectivo "A Rella" (Antonio Fdez. Oca, Eliseo Miguélez, Constantino Mariño, Tonecho Meixide Fdez.) Juan Antonio Pinto Antón, Francisco Carballo, Tintxu, Miguel Anxo Araújo, Xavier R. Madriñán, Lois Ferradas, Madó Domínguez.

SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN: Apdo. 980 - Santiago de Compostela. Telf.: 981 - 59 01 42 (De 3 a 5). Subscrición: 2.000 pts. De apoio: 3.000 pts.

CONTA: Caixa de Aforros de Galicia, CC/304-316-001.073-1 Urbana nº 2 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **IMPRIME:** Imprenta Minerva

A grandeza e a miseria das palabras

Todos estamos moi afeitos a escoitar grandes palabras de parte de moita xente; poden se-los políticos, poden se-los sindicalistas, poden se-los eclesiásticos, podemos ser todos e cada un de nós. E sómolo. As grandes palabras, como case sempre van espidas de contidos e de realidade, non valen para moito, e todos estamos un pouco de volta delas.

As grandes palabras na Igrexa

Na Igrexa, por oficio ou por beneficio, con frecuencia pronunciamos moitas grandes palabras. Por exemplo, nestes días da Pascua non receamos en dicir cousas tan solemnes coma que estamos salvados en Cristo, que Cristo nos resucitou, que Cristo é a nosa luz e a nosa vida, que o mundo está redimido en Cristo, e outras cousas deste nivel.

Logo a vida vai por outro lado; nin estamos tan salvados como dicimos; nin o mundo anda tan ben como cantamos; nin Xesús mesmo é tanta luz e felicidade para nós como predicamos. As palabras andan por un lado e os feitos da vida andan por outro.

Pola humildade e pola verdade

¿Que facer ante tal circunstancia? Parece bastante claro que na Igrexa, en tódolos que formamos parte dela, sobran bastantes palabras. Polo tanto, recorta-lanosa palabrería podería ser un bo remedio primeiro. E a palabrería tanto pode ser falada coma escrita. De aí que nós mesmos nos temos que aplica-lo conto.

En segundo lugar, non estaría nada mal que cada palabra pronunciada estivese sempre chea, é dicir, sempre corres-

pondida por unha actuación ou por unha realidade á que nos poder remitir.

Iso obrigaríanos a falar ou a escribir moito menos, e de rebote todo aquilo que falásemos ou escribeseamos sería moito máis convincente e máis proveitoso para nós mesmos e para os demais.

Pascua: da arrogancia das palabras á humildade da vida.

A Pascua é coma un paso. Iso é o que nos din os entendidos en cousas do

espírito. Un paso de situacións de morte a situacións de vida. Pois ocórrenos que por este ano ben nos podíamos limitar a este pequeno e grande traxecto: pasar da arrogancia das palabras á humildade da vida. Seguramente que nos irá mellor. Seguramente que seremos máis auténticos, máis alegres tamén. E iso é o que Deus quere. ¡Feliz Pascua a todos!



Pasar da arrogancia das palabras á humildade da vida

REMOENDO O EVANXEO

Pascua: Unha muller é a primeira en anunciála

“O primeiro día da semana, María a Magdalena foi ó sepulcro moi cedo, cando aínda era escuro, e viu que a pedra do sepulcro estaba quitada. Botou a correr e foi onde Simón Pedro e onde o outro discípulo que Xesús tanto quería...”

Xesús díxolle:

-¡María!

Ela virándose, exclamou:

-¡Mestre!..

María Magdalena foilles contar ós discípulos que vira ó Señor”. (Xn 20, 1-18)

María Magdalena é a primeira, ela ten o privilexio de acadala primicia da resurrección e a primeira en transmitila Boa Nova do triunfo de Xesús. A resurrección é o verdadeiro “arco de bóveda



de toda a construción cristiá”, como dixo alguén, o elemento fundamental da fe cristiá; e ¡é unha muller a primeira en descubri-la e transmitila gran noticia á comunidade! Unha muller, e por riba unha que tivera un pasado máis que dúbido. Máis aínda, ela non é a única, a

outras mulleres corresponde tamén esta primicia, e elas son as primeiras en acolle-lo sorprendente evento desde o amor e en actitude de adoración (Mt 28, 1-10).

Decididamente, as cousas de Deus, o razoamento de Deus, non é coma o da xente, nin parece ser coma o da mesma Igrexa. Porque esta segue a crer que a muller “non é apta para o sacerdocio”. ¡Non é apta para o sacerdocio e resulta que é unha muller a primeira anunciadora, a primeira portavoz da Boa Nova do triunfo de Xesús sobre a morte! ¿E, cal é a esencia do sacerdocio cristián senón o anuncio e a celebración da morte e a resurrección de Xesús, que abriron o camiño definitivo da Liberación para toda a Humanidade?


Decididamente, os camiños de Deus non semellan se-los nosos camiños.



OS SERVICIOS PUBLICOS, coma Correos, seguen a funcionar dun xeito anárquico, por iso nas dúas últimas semanas non chegaron a Irimia as noticias, durante moitos anos sobra un día pra que a Peneira fixese a viaxe de Guitiriz a Santiago, nestas dúas semanas nin en seis días fixeron a peregrinacion, aínda a pé non lles leva tanto tempo.

O 2 DE ABRIL xa é unha data enxertada no movemento obreiro: o dous de abril do noventa fundouse a CIG, no pasado ano foi a folga xeral galega, e neste ano tivo lugar en Vigo xunto con outras cidades europeas unha xornada contra o paro, convocados pola CES (Confederación Europea do Sindicato).


É Galicia un dos países nos que o paro medra moito máis. No gráfico vese a direrencia co resto do Estado Español. Nos últimos tres anos o trinta por cento dos traballos perdidos foron en Galicia: un de cada tres parados.



RUSIA, se non chega a unha articulación democrática dos seus poderes, pode rematar nunha guerra civil que salpique a todos. Yeltsin segue a dar golpes de forza que non fan máis que soliviantar ás forzas máis conservadoras que añoran o pasado e a dictadura. O Exército tampouco o está pasando moi ben: a fame, os andazos e enfermidades están creando moitas baixas entre eles..., e algúns non saben se chegarán ó referendun do vintecinco deste mes.



VISITA A RIBEIRA SACRA se tes posibilidades... a carón dos ríos Miño e Sil, ofrece unha riqueza arqueolóxica, ecolóxica, histórica sen precedentes. Estamos ante a meirande concentración de mosteiros de toda Europa, segundo contaron algúns... Arredor de cen quilómetros onde trafegan co viño algúns centos de colleiteiros. Na fotografía unha madeira do retablo do Mosteiro de Montederramo.



ROBERTO VIDAL BOLAÑO estrea nestes días a obra: "Días sen gloria" sobre o tema do camiño, das viaxes, acaben en Compostela ou non... Aínda non se apagaron os ecos da súa outra obra: "Saxo Tenor", e xa está a agasallarnos cun "western"...

IRIMIA

¡A ver se pican!

Abriuse a veda da troita e hai que procurar un bo cebo para lle poñer ó anzó. Xa que naceu no pai Miño, IRIMIA prefire a miñoa.

IRIMIA bótase ó río utilizando a arte do engado. Durante tres meses podemos enviar, gratuitamente, un número da nosa revista a algunha persoa que nos indiquedes por ver se se vai afacendo.

Mandádeno-lo enderezo completo e cumpriide co encargo evanxélico de serdes pescadores de humanos.


TELE CONTRA LIBROS.

Na festa do Libro (23 de abril) só queremos ofrecer uns datos: só o 18% da poboación le algo, máis da metade, non le nada. Os nenos len cada día menos..., mentres o noventa e sete por cento ven cada día tres horas de tele... Así nunha semana poden contemplar, segundo estudos feitos, seiscentos setenta asasinatos, máis de oitocentas pelexas, trinta secuestros e outras tantas torturas, drogas, etc., segundo os mesmos un total de oito anos da súa vida papando tele se subsiste ata os sesenta.



A X SEMANA GALEGA DE FILOSOFÍA

organizada pola Aula Castelao ten lugar en Pontevedra do doce ó dezaseis deste mes cun tema suxestivo coma sempre: "Filosofía e Relixión", e na que interveñen: Dussel, Reyes Mate, Torres Queiruga, Chao Rego, Gondar Portasany, Eduardo Galeano...



A NAU CATRINETA
ACCIÓN SOCIO-CULTURAL



Rua do Vilar 23 - 2º • Apartado 557 • Telf: (981) 15701 Santiago

Novo Tlf 580033

A "NAU CATRINETA" é unha asociación socio-cultural que ofrece cursiños sobre este eido con especialistas e moito rigor: educación ambiental, teatro, imaxe, corais, arqueoloxía industrial, etc. Neste mes aínda quedan ofertas moi positivas.

A LOITA POLA DEMOCRACIA EN SURÁFRICA

é lenta, aínda que agora están a moverse as negociacións pra chegar a entenderse tódalas etnias. Só o Partido Conservador non quere afiliados que non sexan brancos optando polo "apartheid" nunha Suráfrica confederal e que mantería as diferencias.



OS LABREGOS

volveron facer escoita-la súa voz o primeiro de abril, como dende o ano 1976 veñen loitando contra a cota empresarial. Agora a loita é contra a imposición das cotas leiteiras que queren mata-la nosa produción gandeira. Cando a realidade demostra cada día que as negociacións coa CE están a afundi-lo país en tódolas ordes

da economía, seguen a querer estraga-lo pouco que nos queda: o agro.

NESTA SEMANA SANTA

xa foi máis libre o paso de mercadorías e de persoas por tódalas alfándegas entre Galicia e Portugal. Portugal, despois de Francia, é o principal cliente do noso comercio exterior. As empresas de máis alá do Miño importan cada ano máis de corenta e tres mil millóns de pesetas en produtos galegos, e nos mercamos alí preto de trinta e un mil millóns



Cuba: Unha Igrexa en renovación

Por FRANCISCO CARBALLO

A pouco da Revolución cubana, 1959, Celso Montero visita Cuba e escribe as súas reflexións ante un posible socialismo cristián. Aquel libro de Celso tivo pouca difusión, mais cumpriría relelo.

Despois do Congreso do PCC e das eleccións á IV Asemblea nacional (24-II-1993), a Igrexa cubana empeza a vivir unha nova xeira. Vexamos.

O clero estranxeiro abandonou Cuba nos anos 1962 e seguintes. Era maiormente español e, segundo os revolucionarios, "franquista". Pensaban volver ós dous meses... e seguen pensando no final do "Castrismo". O clero cubano era insignificante e quedou no desalento. Os esforzos de Mn. Zachí, nuncio, foron vans: era amigo persoal de Fidel e isto bastaba para desautorizalo. Hoxe confesaban o erro todos; os castristas por non dialogar con aquel clero en fuga, por poñerlle ponte de prata, por pecharse nun marxismo ortodoxo e mecanicista. Os católicos por encerrarse nunha espera sen retorno.

As declaracións de Fidel a prol dun cristianismo progresista, a actuación dos protestantes aceptando o sistema cubano coma historicamente legal, o diálogo dos bispos católicos con Fidel, a situación de bloqueo económico da Illa, etc. liberalizaron o momento político de Cuba. A Igrexa católica vese desbordada de fieis, especialmente xoves universitarios; o escaso clero é incapaz de satisfacer as demandas.

A Igrexa de Cuba non creou a tempo un laicado de catequistas para suplementar os déficits clericais; ten que percorrer en días o tempo perdido. E está a facelo. Grupos xuvenís xorden en cada parroquia, aceptan alegremente a responsabilidade catequética, compiten na rúa coa avalancha das sectas e prefirían a nova cara da Igrexa cubana.

En Cuba o ritual do bautismo contén formas prioritarias para adultos. Ó comezo da coesma reciben a primeira unción os candidatos ó bautismo. Son preferentemente xoves que se bautizan o sábado santo.

O slogan da evanxelización en Cuba é: proclamación, inculturación, oración. A realidade cultural resulta atractiva: cantos, participación, ritos lentos e colectivos, cordialidade... Antes e despois do acto litúrxico segue a convivencia, a comunicación. Así o puiden comprobar nos templos da Mercede en La Habana, en San Francisco e na Trindade en Santiago de Cuba.

Unha fermosa experiencia; o catolicismo cubano, tan burgués antes da Revolución, renace no pobo, nas clases do común cidadán con ilusión e novidade. Inda non hai en Cuba teoloxía propia, nin prensa, nin unha Caritas forte. Todo é recente.

Demisións no PSOE



Por TINTXU

Finalmente os problemas de corrupción rebentáronlle nas mans a Felipe González. Xosé María "Chiqui" (pequeno) Benegas situouse no miolo do conflito. Benegas quedou nos anos da transición coma home forte dos socialistas vascos contra ETA sobre todo, pero contra os nacionalistas en xeral, cando Rubial, Múgica e Redondo pasaron a ocupar os primeiros postos en Madrid, dentro do chamado "Pacto do Betis", entre andaluces e vascos, para se facer cargo do novo PSOE. Pero moi pronto Benegas tomaba tamén o camiño de Madrid e pouco a pouco ocupaba cada vez máis parcelas de poder, á sombra de Alfonso Guerra e aproveitando a adicación primordial de Felipe González ó goberno.

Por iso agora que Alfonso Guerra ten pouco poder no control do partido é o secretario de organización quen ten que responder de moitos puntos escuros da xestión, entre outros do financiamento do partido, no que inciden varios dos escándalos que desde hai meses ocupan as páxinas dos periódicos e dan que facer nos xulgados.

Por estas razóns un sector importante dos socialistas quixo encarnar en Xosé María Benegas as responsabilidades políticas da situación. O interesado ofrecéuselle a Felipe González coma vítima expiatoria, pero sen aceptar cargar co morto, senón declarándose vítima da campaña externa e das maquinacións internas dos chamados renovadores do Partido Socialista.

Por iso a situación de Felipe González na reunión da executiva socialista prevista para o Sábado Santo era tan comprometida: o seu sentido político facíalle entender a necesidade de depurar politicamente a responsabilidade interna da situación, pero os seus colaboradores non estaban precisamente en actitude de darlle unha saída digna ó problema.

Finalmente a actuación dos medios de comunicación e do poder xudicial poden promover a limpeza da vida política. Pero a maneira de encara-lo problema os responsables socialistas fan prever un deterioro aínda máis grande do clima político e da moralidade pública.

O rechouchío dos paxaros

Canto á amizade, á solidariedade, á humildade e A Natureza, valores que Moncho Valcarce cultivaba e amaba con devoción.

Benquerido Amigo Moncho:

Has de saber que me regalaron unha palloza moi pequena ¡Si moi pequena! pero moi grande por dentro, pois nela caben tódolos nosos amigos dende os humildes gorrións, lavandeiras, xílgaros, carrizos, paporroibos, reiseñores, merlos, ata a Andoriña.

¡Se soubeses que ben cantan nestas mañás de orballo enchendo de ledicia toda a fondura destes vales, que a ti tanto che gustan!

Moncho, tes que vir un día por aquí para que nos contes como che vai, botámoste todos de menos.

Os Gorrións dixeron que a última vez que te viran fora nunha tractorada como dicías ti, de pé no tractor todo ledo e orgulloso. Ti sempre tan solidario coas causas xustas, ó servizo dos máis débiles e humildes.

A Lavandeira contounos que andabas aló polas parroquias de Saa, Faeira e Goente parolando cos labregos. ¡Que ben te sentías coa xente do campo!

O Xílgaro, contando contos e sorrindo cos rapaces do Instituto ¡canto te botan de menos os rapaces! Sempre preguntando por ti. ¿que tal está Moncho? ¿Cándo vén? ¡Moito te queren Moncho!

O Carrizo tan pequeno coma pillo, veute polas Pontes tomando unha cervexa cos amigos ¡Que feliz eras no noso pobo!, e nosoutros contigo, Sempre querías vir ara aquí.

O Paporroibo dixo que te atopara entre a xente repartindo apretas, bondade e puñados de trigo con rosiñas brancas.

O Merlo vai todo fachendoso polas leiras cantando coa túa boina na cabeza e os labregos paran de traballar e saúdano ó pasar.

O Reiseñor non para de cantar e dinos que non choremos, que sempre estarás entre nós, sempre vivo dentro do noso corazón.

A Andoriña dí que virás con ela tódalas primaveras enchendo de luz os camiños, de froes os campos e de ledicia os corazóns das xentes.

Has de saber Moncho que a nosa palloza está aberta a tódolos bos e xenerosos sen importa-la súa cor nin lugar de procedencia... como ti querías.

Graciñas polo regalo, pero sobre de todo moitísimas gracias por regalarme a túa amizade.

Teu amigo de sempre



Odía 24 do presente mes de abril, Alfonso Blanco Torrado, crego en Guitiriz, desde hai sete anos, vai recibir unha homenaxe promovida por escritores galegos en recoñecemento do seu labor cultural, que desde o concello de Guitiriz chega a toda a Terra Cha e aínda a toda Galicia.

Desde o nacemento da revista IRIMIA Alfonso foi un compañeiro fiel de tódalas súas andainas. Agora mesmo é o responsable da sección titulada A Peneira.

Desde Irimia quixémonos unir á homenaxe devandita dos escritores galegos. E nada mellor para iso ca dar a coñecer a tódolos lectores o perfil humano e crente deste crego sinxelo de vila e aldea que está conseguindo que a fe cristiá se reconcilie coa cultura popular e galega.

-Alfonso, ¿por que che deu por traballar tan a fondo no campo da cultura?

Porque quixen comprometerme coas comunidades nas que estaba para facer con elas un traballo de descubrimento e de análise da nosa propia identidade. Non se pode facer nada desde o aire. E eu vía que as nosas comunidades, as nosas parroquias tiñan uns trazos moi definidos. Daquela dispuxémonos a botar man dos homes e mulleres da cultura para que nos axudasen nesa tarefa.

-A túa vida está moi unida á asociación cultural "Xermolos". ¿Que é Xermolos por dentro e por fóra?

-Xermolos por fóra é unha asociación cultural que leva a cabo un montón de actividades. Delas unhas son permanentes e outras extraordinarias. Entre as permanentes pódose citar: a *escola de música*, onde participan 500 persoas atendidas por seis profesores e 5 monitores, que imparten 22 horas de clase á semana; está tamén a *escola de deportes*; hai pouco deron comezo as actividades dun *club ciclista*; temos unha *biblioteca pública*

que está aberta e atendida tódalas tardes, e tamén un taller de teatro.

Ademais disto cada ano organizámo-la *Cabalgata de Reis*, *O Entroido*, *a Festa da Auga e do Lume na Vixilia Pascual*, *os Certames de Pintura*, *de Escultura*.

Por dentro Xermolos é un grupo de xente da vila e das parroquias do arredor (sempre quixemos estar enraizados nas parroquias, non só na vila), que trata de face-la cultura de aquí, e de facerse eco das posibilidades creativas, críticas e de afán de liberdade de moita xente, sobre todo nova, que noutras institucións non atopan nin acollida nin resposta.

Xermolos é, logo -quere ser-, un espacio de liberdade, de encontro de xente que busca formas novas de entender-la vida aquí en Galicia. Nesta liña proxecciónanse e realízanse o *Festival de Pardiñas*, *os Encontros de escritores*, *as Romaxes* que facemos por aquí. Fronte a outros festivais cun aire máis monótono onde todo se dá feito, nós aquí promovemos verdadeiros encontros con xente que ama e cre na amizade, na arte, na música.



Alfonso parolando co galeguista Isaac Díaz Pardo, creador de Sargadelos, e o poeta chairego Manuel María á escoita.

-Alfonso, ¿como harmonizas ti o teu traballo coma crego e o teu traballo de animador sociocultural?

-Son dous traballos que van unidos. Hai que comunicarse co home e coa muller total. Sempre rexeitei unha relixión que fose coma un verniz, anque pareza un verniz moi perfecto. Intentei chegar a unha persoa que vive unha cultura, nun país concreto.

Todo isto intenteino sobre todo coa mocidade, que é a que está máis bombardeada por ideoloxías e por medios de comunicación que a converten en consumidores duns produtos que non son propios da mocidade nin son galegos.

Penso que estamos descubrindo coa mocidade esta riqueza, este patrimonio cultural que nós temos, e que nos axuda a descubrir a Deus. A cultura así entendida está claro que leva a Deus. Por exemplo, nunhas xuntanzas que estamos tendo cos mozos de cada parroquia, estamos intentando descubri-las raíces de cada parroquia; é un mundo descoñecido, moitas veces incluso polos mesmos que vivimos nesa parroquia.

Todo isto estanos axudando moito a face-la Igrexa local. Empezando polo feito sinxelo e significativo de que sexa o edificio da igrexa parroquial case sempre a principal obra de arte da parroquia, que nos deixaron os nosos antepasados, coma lugar onde naceron e medraron na fe. O edificio da igrexa parroquial convértese así no símbolo desa unión entre fe e cultura propia pola que tanto loitamos.

-Seguro que cambiaron moitas cousas desde aquel momento en que ti pisaches por primeira vez Guitiriz. Dinos: ¿que é o que máis che está chamando a atención de todo o que hoxe observas nos teus conveciños?

-Pois, mira, o que máis me chama a atención é a falla de capacidade de reacción para descubri-la orixinalidade e a creatividade que hai nas persoas e no entorno de cada un, debido en boa medida ó influxo desa cultura enlatada que nos dan os medios de comunicación. Por exemplo, pensa nos programas da TVE "¿Quién sabe donde?"; pois

Fe se dan unha apreta

co Torrado, crego de Guitiriz



falaranche de xente que escapa en Huelva, en Valencia, e a xente case se pon a chorar; e ó mellor aquí ó lado mesmo hai un verdadeiro drama persoal ou familiar e ninguén se decata. Os medios de comunicación son un verdadeiro *come cocos*, que se fixo dono da nosa intimidade, do noso tempo libre.

Falando máis concretamente do campo, a pesar de que ós labregos case os están afogando coma xente de traballo e de produción, a pesar diso, o certo é que moitos labregos están demitindo do seu futuro; están encaixando os golpes por parte dos poderes dun xeito resignado. Posiblemente estean influenciados tamén polo ambiente político xeral moi desilusionado neste momento. A xente cada vez é menos interesada en organizarse, en responder a calquera convocatoria para facer grupos de base nas parroquias, nas zonas.

Ademais, os medios de comunicación estannos dando moito o lado negativo da realidade política, coma desfrutando con algunhas suciedades ou corrupcións dalgunhas persoas, e non nos poñen o positivo, que o hai. Así a xente tende a desanimarse aínda máis, porque entende que nada, que tal como están as cousas non hai nada que facer.

-Alfonso, ¿como cres ti que debería ser un crego rural?

-¿Un crego rural? Entendo que un crego rural debería comparti-lo mesmo traballo de cada día coa xente do agro. Vivir cada día os problemas deles; e que estivese o máis lonxano posible do que puidese ser un profesional da Igrexa. Deixar de ser un profesional da Igrexa e ser un profesional da xente do agro.

Todo isto supón que estará enxertado na cultura e nas aspiracións e nas loitas que ten hoxe o noso agro, que tamén está dividido polas competencias que veñen de fóra.

-¿Como entendes ti iso de “evanxelizar”, de levar alegría ó pobre?

-“Evanxelizar” ou levar alegría ó pobre, como ben dis, para min é axudar ás persoas a tomar conciencia da súa dignidade, xa só polo feito de ser persoas. Esas persoas, a pesar da súa humildade, están enraizadas nun pobo que ten a súa

propia historia, que non son illas, e que teñen o espírito de Deus que os axuda -a pesar do pouco poder deles- a face-la verdadeira historia, que non é a que se vende nos libros e nos medios de comunicación.

-¿Como ves ó conxunto da Igrexa -cregos e segrares- ante a realidade da cultura galega, ante a lingua?

-Á Igrexa oficial véxoa allea á nosa cultura, e, polo tanto, ó pobo que está construíndo aquí o seu futuro. A Igrexa oficial está á marxe da lingua, da literatura, da arte e

da música que se está a facer en Galicia. Por razón do meu traballo teño que me relacionar bastante con escritores galegos; vexo que senten unha gran desconfianza cara á Igrexa, un gran alonxamento; e iso que hai algúns, como Manuel María ou Bernardino Graña, que fixeron ou están a facer unha literatura raiando co relixioso.

Por outra banda, hai un grupo de cregos e outros colectivos que están facendo un gran traballo en favor da cultura dun pobo que moitas veces carece de voz para se facer oír. Por exemplo, cregos e leigos comprometidos traballando no medio dunha parroquia perdida, metidos de cheo nun traballo pola liberdade integral das persoas.

-¿Cres, Alfonso, que a Igrexa en conxunto debería apostar máis seriamente polo uso normal do galego?

-Si, por suposto. Nunha boa comprensión da historia da salvación, compréndese facilmente que, desentendéndose da lingua como o está facendo, a Igrexa comete un error polo que vai sufrir consecuencias serias.

Apostar polo galego é aliarse co pobo e cos sinxelos, como fixo Xesús. Ademais agora vaise dar unha obriga histórica máis definida: se a Xunta de Galicia inviste 70 millóns -que son de tódolos cidadáns galegos- para colaborar na edición dos libros litúrxicos galegos, ¿que pensar dunha Igrexa que despois de telos editados non os empregue normalmente?.

En fin, vexo que razóns e argumentos non faltan, pero a Igrexa nisto ten moito que cambiar e avanzar. Para axudala a facer este cambio estamos todos. ¿Non si?.

M.R.L.



En Monforte, con Manuel María, Saleta e Manolo



Unha das obras culturais máis mimadas por Alfonso

Rusia: Entre o socialismo e o capitalismo

Unha difícil transición

A loita polo poder que se está desenvolvendo en Rusia entre o presidente Eltsin e o Congreso dos Deputados concentra a atención preocupada do mundo, xa que se trata do Estado máis extenso do planeta (17 millóns de km² e case 150 millóns de habitantes), principal compoñente e herdeiro da desaparecida Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS) e dono dunha forza nuclear só comparable á dos Estados Unidos de América.

Intentaremos botar algo de luz sobre unha situación moi confusa, na que se mesturan problemas económicos, descontento social, resistencias dos partidarios do vello sistema comunista, ambicións persoais, intereses de grupos mafiosos internos e externos... Sen embargo, convén aclarar que estamos ante un conflito de raíces moito máis fondas có simple enfrontamento persoal entre dous líderes políticos. Non esquezamos que asistimos a un complexo paso do socialismo ó capitalismo.

O fracaso da reforma desde o poder

A finais dos anos 80 Mikhaíl Gorbachov pretendía reformar desde o poder un sistema político e económico xa avellentado e incapaz de suscitá-la ilusión dos cidadáns. Sen embargo, pese á enorme simpatía que espertaba no mundo, a figura de Gorbachov minguaba en popularidade entre a poboación do seu país por culpa do deterioro económico. O descontento social xeneralizado animou ós partidarios de restauralo vello sistema comunista a intentar recuperalo poder pola forza en agosto de 1991. O golpe de Estado non triunfou, pero demostrou que a política de reforma pausada desde dentro do propio sistema estaba esgotada. Era o tempo dos que esixían un cambio rápido e radical que acabase co socialismo.



O medo ó cambio, a seguridade perdida, a brutal suba de prezos... moitos senten nostalgia do pasado.

O difícil camiño cara ó capitalismo e a democracia

As circunstancias seguían engadindo problemas a un proceso tan complicado en por si. A debilidade do poder central para impoñe-la súa autoridade no amplo territorio estatal, permitiu que, a piques de rematar 1991, a Unión Soviética se desintegrara en 15 novos Estados. As nacións sometidas a Rusia desde os tempos de tsarismo -do que a URSS herdou o seu imperio- recuperaban a súa liberdade, amosando a falsidade das afirmacións da Moscova soviética de que o problema nacional estaba resolto na URSS no marco da solidariedade socialista. En canto o xugo ruso afrouxou, os pobos ceibáronse.

Coa entrada do 1992, o presidente Borís Eltsin comezou unha política de transición acelerada á economía de libre mercado, val dicir, ó capitalismo. O miolo do programa consiste en reparti-las propiedades estatais -a terra, tódalas industrias-

entre a poboación recibindo cada cidadán un cheque para adquirir unha participación na empresa que desexe. Xa vai privatizado por este método o 20 por cento das empresas existentes, pretendendo chegar neste ano á metade do total.

Pero unha das malas caras da política de Eltsin -apoiada polos organismos económicos internacionais, que responden ós intereses dos grandes grupos financeiros e dos países capitalistas- é que esixe unha total liberalización de prezos. Os rusos, acostumados ós produtos baratos, gracias ós prezos regulados polo Estado, asisten desesperados a un insupportable encarecemento da vida, cun 2.500 por cento de inflación anual (por certo, aquí queixámonos de cómo sobe todo... cunha inflación en torno ó 5 por cento). A poboación perde as vantaxes do vello sistema, mentres se lle piden sacrificios

a cambio dunha distante felicidade.

Todos din defende-la democracia

Nestas difíciles circunstancias xurdiu, en marzo deste ano, o conflito entre o presidente e o Congreso. Eltsin, ex-comunista elixido presidente en xuño de 1991 con máis da metade dos votos, reclamou poderes especiais para aplica-la súa política -acusando ó Congreso de ser un niño de comunistas- e anunciou un referendo para confirma-lo respaldo popular. Eltsin preséntase así coma o defensor da democracia fronte ós nostálgicos do pasado.

Certamente, na democracia, a vontade popular está representada polo parlamento. Sen embargo, o ruso é un parlamento moi especial, froito das eleccións de marzo de 1991, en tempos de Gorbachov, cando o Partido Comunista da Unión Soviética (PCUS) era o único permitido. Anque se admitiron varios candidatos por escano, a realidade ➡

➔ foi que case todos pertencían ó PCUS.

O resultado é que, hoxe, a maioría dos deputados están en desacordo cos pasos cara ó modelo capitalista e democrático. Uns, por convencemento socialista. Outros -ós que se chama nacionalistas, e que equivalerían en Occidente á extrema dereita- por quere-la volta da Rusia poderosa e dominante que acusan a Eltsin de destruír. Estes dous grupos, en estraña alianza, parecen dispostos mesmo a unha guerra civil para frea-lo proceso actual.

Pero o peor é que a maior parte dos deputados actúa por motivos persoais exclusivamente, en busca da reelección ou de enriquecerse co cargo. Moitos simplemente defenden os intereses dos burócratas do réxime anterior que pretenden seguir controlando as empresas estatais. Algúns, bastantes, están directamente ligados a grupos mafiosos que aproveitan o caos do desmoronamento do Estado para facerse con enormes riquezas.

Un futuro de pronóstico reservado

¿Busca este Parlamento defende-la democracia? Seguro que non. ¿Faino o Eltsin que esixe poderes excepcionais,

incompatibles cun réxime democrático? A volta atrás ó modelo soviético parece tan imposible coma o establecemento dun réxime de tipo fascista pola extrema dereita. A alternativa parece estar entre un sistema controlado polas forzas ligadas á antiga burocracia comunista - representadas hoxe por gran parte do Parlamento e dos poderes locais e rexionais- e un réxime autoritario encarnado por Eltsin, co apoio do exército e de gran parte dos demócratas, coma última esperanza de impedi-la volta ó pasado e de constituír un poder central o bastante forte como para salva-la unidade do Estado, impoñe-la autoridade e a lei e asenta-la economía.

¿Terán razón, logo, os que opinan que en Rusia é necesario un período de goberno autoritario, mesmo dictatorial, antes da democracia? Nós, que vivimos en España, podemos lembrar ós que, para xustifica-la dictadura franquista e mante-los seus privilexios, sostían que “o pobo español non está preparado para a demo-



O sistema soviético ainda ten valedores

cracia”. Mal camiño sería ese de anula-la liberdade co pretexto de defendela.

XAVIER R. MADRIÑAN

O CARRABOUXO por JOSÉ LOIS



A auga, un ben escaso

Recientemente no parlamento galego abriuse o debate sobre o Plano Hidrolóxico de Galicia e a súa conexión cos do resto do Estado. Proximamente debaterase no parlamento de Madrid, se o PSOE non se volve atrás, o chamado "Plano Hidrolóxico Nacional" no que se intenta regular os recursos e o uso de tan prezado ben. É pois de gran actualidade coñecer que pasa coa auga.

Pode resultar paradoxal, na nosa terra, falar da auga coma un ben escaso; mais deixando de lado o escandaloso do titular deste artigo, cómpre analiza-la posible realidade dunha tal afirmación.

Razóns da escaseza

Para podermos opinar sobre o tema da escaseza da auga cómpre considerar aspectos coma os seguintes:

- Cales son os recursos do planeta, de España e de Galicia.
- Relación entre recursos e auga dispoñible.
- A auga que corresponderá a cada habitante da terra, tendo en conta a medra poboacional e a diminución dos recursos, por mor da contaminación das augas superficiais e dos acuíferos.
- O ciclo da auga na natureza e a influencia que sobre el está a exerce-la contaminación ambiental.
- A relación existente entre os desemellantes tipos de auga que hai, definidas pola súa cualidade, e a propia degradación das cualidades das augas por mor da súa contaminación.
- A necesidade, ou non, dun plano hidrolóxico. ¿Que é e para que serve?
- A auga que deixa de ser un ben



Diante dunha billa xa vai habendo xente que lle entra remorsos por culpa do despilfarro da auga.

de uso e consumo para se transformar nun ben de cambio.

- Moitos máis interesantes temas que se poderían sinalar.

Nós somos auga

Vaia por diante que non pretendo aquí, e agora, desenvolver todos estes temas; soamente pretendo abri-lo debate. Nun futuro inmediato vaise falar moito da auga e cómpre que esteamos ben informados para defendela e para defendernos.

Lembremos que os seres vivos deste planeta saímos da auga e seguimos a ser auga, nas dúas terceiras partes. Isto significa que a auga é esencial para nós, podemos estar sen comer ata 50-60 días pero non podemos pasar 7 días sen beber. Ó tempo, a auga é o principal medio de transmisión de enfermidades contaxiosas, de aí a imperiosa necesidade de empregar augas coas máis

altas garantías de calidade para o consumo humano.

O paradoxo do planeta azul

O noso planeta é un planeta de auga, visto dende o espacio exterior vese de cor azul por mor da auga líquida, sólida e gaseosa que o aseñora. Máis o noso planeta azul, con tantos recursos en auga, resulta que dispón de moi pouca auga para usos dos humanos. O 97% da auga do planeta está nos océanos e mares, auga salobre, non potable. Do 3% restante digamos que o 79% está en forma de xeo nos polos e glaciares, un 20% son augas subterráneas de difícil acceso e só un 1% son augas doces e superficiais.

As augas superficiais están o 8% coma vapor, un 38% como humidade dos solos e un 1% a auga dos seres vivos - polo tanto non utilizable outro 47% - nos lagos está o 52% ➡


➔ pero estamos a estragar moitos lagos e, polo tanto, facendo estas augas non potables; soamente o 1% está nos ríos. Velaí tedeas coma vivindo nun planeta con tanta auga como recurso resulta que se dispón de moi pouca auga potable.

Doutra banda a auga no noso planeta está moi mal distribuída, moita auga no norte (Europa) moi pouca no sur (África, Asia). Mesmo dentro dun país coma España a distribución é tremendamente anómala; compárese o norte e cantábrico co sur e o levante. Así os recursos de España no seu conxunto SON duns 3000 m³/hab./ano; pero no norte dispón de 6700 m³/hab./ano namentres que o sur dispón de 1500 e Canarias 600 m³/hab./ano.

Terra húmida

Cómpre sinalar que non é o mesmo recursos ca auga dispoñible. Chamamos recursos á auga que cae nunha zona; pero se non se recolle vai directamente ó mar, polo que a auga dispoñible pode ser infinitamente menor. En Galicia temos moitos recursos -chove dabondo-, pero non se recolle case que nada, resultando que o 93% dos nosos recursos van directamente ó mar por medio dos nosos mil ríos. Coma resultado, ó só aproveitarse o 7% do que chove, prodúcese situacións de defecto de auga -o Ferrol, Cangas, etc.- en canto se leva un par de meses de seca.

Remato aquí por hoxe. Fica centrado o



O ser humano ha ser respetuoso coa auga e agradecido coa Natureza.



Hai moitos países nos que non fan cola porque ¡nin auga hai! Ou teñen que ir procurala a moitos quilómetros de distancia.

tema. Cómpre ter auga potable na cantidade necesaria para cubri-lo consumo da poboación e, ó tempo, contar con auga para o uso agrícola e industrial. Se non recollémo-la auga que nos chega coa choiva non teremos auga dispoñible para as necesidades; se non redistribuímo-la auga entre as zonas ricas e as pobres, nestas haberá sede.

Cómpre pois recoñecer que a auga é un ben escaso no noso planeta e mesmo en España. ¿Chegará a ser escasa na nosa nación galega?

MANOLO R. BERMEJO
Catedrático de Química Inorgánica.

Esperta do teu sono (Ex 2)

No corazón de Moisés loitaban dúas culturas: a hebrea, nativa (nacional), e a exipcia, na que fora educado. Ben seguro que foi escollido, sendo mozo, para ser funcionario cortesán, e pode que o fixesen encargado de relacionarse cos da súa etnia hebrea para mellor servi-los intereses do faraón. Pero, ó tomar contacto coas raigañas do seu pobo espertou no seu interior a voz do "nacionalismo", da solidariedade coa súa nación asoballada:



Os pozos e cisternas son o centro da vida no deserto, porque neles hai auga viva

¹¹Cando Moisés xa era grande, foi un día visitar a seus irmáns e atopounos coas súas cargas. Viu tamén que un home exipcio batía nun hebreo de entre seus irmáns. ¹²Mirou para un lado e para outro, e certificando que non había ninguén, matou ó exipcio e enterrouno na area(1).

Principia o proceso revolucionario de Moisés.

¹³Saíu ó día seguinte e viu dos hebreos pelexando. Díxolle ó agresor: “¿Por que bates no teu compañeiro?” ¹⁴Repondeulle el: “¿Quen te puxo de xefe ou de xuíz entre nós? ¿Ou pensas matarme, como matáche-lo exipcio?”. Moisés colleu medo, pensando: “A cousa xa se soubo”.

Orde de busca e captura. ¿Que facer? (2).

¹⁵A nova chegou ó faraón que mandou buscar a Moisés para matalo. Pero Moisés fuxiu do faraón e foise refuxiar en Madián (3).

O deserto ten moitos riscos. Moisés, descoñecedor dese ambiente inhóspito, fixo o que tiña que facer: abeirarse á proverbial hospitalidade dos beduínos ou homes do deserto, que teñen coma centro vital os pozos. Axiña virían catar auga e, por descontado, que o convidarían:

Sentado á beira dun pozo, ¹⁶chegaron sete fillas que tiña o sacerdote de Madián, para sacaren auga e con ela enche-los píos e abebera-lo rabaño de seu pai (4). ¹⁷Viñeron os pastores e botáronas de alí. Pero Moisés saíu na defensa delas e abeberóulle-los rabaños (5).

As mozas despístanse dun cometido básico no deserto: seren hospitalarias:

¹⁸En volvendo elas onde seu pai Reuel, este preguntoulles: “¿Como é que vides tan cedo hoxe?” Respondéronlle elas: “Un home exipcio librounos dos pastores, sacóuno-la auga do pozo e abeberou o noso rabaño”. ²⁰El preguntoulles: “¿E onde está? ¿Como deixastes que se fose? Chamádeo para comer”.

E o xantar trouxo consigo algo máis:

²¹Moisés aceptou habitar con Reuel, e este deulle por muller a súa filla Séfora. ²²Esta deulle a luz un fillo, ó que lle puxo o nome de Guerxom, pensando: “Son forasteiro en terra allea”.

En tódolos pobos, a memoria da súa historia actúa coma fermento revolucionario. É o que os teólogos chaman a “memoria subversiva”, vencellada ós sufrimentos do pobo, que fai espertar a este do seu sono:

²³Pasado moito tempo, morreu o rei de Exipto. Os israelitas queixábanse e berraban na súa servidume, e os seus xemidos subiron onda Deus(6). ²⁴Deus escoitou o seu pranto, lembrou o seu pacto con Abraham, con Isaac e con Xacob, ²⁵fixouse nos israelitas, recoñeceu os seus sufrimentos.

1. Un capataz exipcio tortura a un escravo hebreo e Moisés obedece á voz do seu pobo que resoa a súa conciencia. Quizais os hebreos se puxeron a contalo entre si con orgullo. Matar un funcionario exipcio en acto de servizo a prol do faraón era moi grave.

2. Escondese era un perigo. Posiblemente aínda coñecía pouca xente que o puidesen axudar. Pensou en fuxir cara ó deserto máis veciño, que era a península do Sinaí. Alí madurería, coa meditación da tradición dos devanceiros, a súa conciencia étnica, nacionalista.

3. Madián ten suma importancia porque pertence á gran familia dos semitas e aparece entre os fillos de Queturah, unha das esposas de Abraham (Xén 25, 1-4). Os madianitas tiñan por deus a Yaw (o futuro Iavé de Israel), que posiblemente xa fora o deus da nai de Moisés, sen que este lle atribuíse ata o de agora importancia a esta divindade que axiña se vai enfrontar co “divino” faraón. Vai madurerela conciencia revolucionaria do que será líder dos hebreos.

4. O pai das mozas é presentado coma sacerdote de Madián. En realidade, cada patriarca do clan exercía coma sacerdote e sacrificaba. A Biblia garda un fermoso recordo deste madianita, do que se conservan tres nomes distintos: Reuel, Xetró e Xoab. Foise impoñendo na tradición o nome de Xetró.

5. As liortas pola auga dos pozos era frecuente, motivo de algo máis ca pelexas, mesmo de batallas. Hoxe no Oriente Medio segue o conflito pola posesión dese ben prezado que é a auga, e disque as guerras do futuro obedecerán á súa escaseza e a loita por posuíla.

6. Curiosamente, o texto non di a quen se queixaban os hebreos, chamados aquí impropia e anacronicamente israelitas, porque Israel aínda non existía coma pobo. Pero o escritor fainos saber, que, aínda que eles non sabían a quen clamar, o Deus de Abraham, de Isaac e de Xacob estaba atento ó clamor.

Irimegos de Vigo

13 de marzo

Botarse ó “camiño” deixándonos guiar por outras pegadas está ben. Comezar a face-lo “camiño” desde dentro deixando que agromen en nós preguntas, inquedanzas, esperanzas... e compartilos cos irmáns e coas irmás, está mellor.


Isto foi o que tentamos face-lo sábado 13 de marzo na Parroquia do Cristo da Victoria (Vigo) un grupo de cristiáns motivados e preocupados pola realidade que envolve a Galicia neste Ano Santo.

Acompañáronnos na nosa reflexión Xosé Barreiro, Xosé Chao e Manolo Regal. Xosé Barreiro situou historicamente o inico e significado do Camiño e das peregrinacións dende unha múltiple perspectiva: económica, cultural, social e relixiosa. Pepe Chao Rego falou sobre o “xubileo”. “Nin se perde, nin se gaña” -dixo-. Non debemos reduci-lo a ritos rutinarios ou simboloxías baldeiras. Hai que recobra-lo sentido da gratuidade; calquera cousa que os cristiáns nos sintamos con capacidade de ofrecer debe ser dende esta actitude constructora de vida. Manolo Regal fixo referencia ás actitudes básicas que son fomentadas polo mesmo camiño, como as experiencias dos propios límites, da provisionalidade, da natureza, do silencio... Actitudes fundamentais para incorporar á nosa vida cotiá.

Despois chegou o diálogo: preguntas e comentarios. Se queremos seguir camiñando, facer busca xuntos, precisamos ir formulando cadaquén as opinións propias e saber acolle-las dos outros.

A oración, centrada pola Palabra do Evanxeo, o Cruceiro, e as ponlas de carballo e acivro, iniciámola facendo presentes a toda-las persoas que queriamos que estivesen alí naquel momento. E rematou levando un anaco da ponla seca de carballo coma símbolo de traballar en cristián na nosa terra.

Como remate os doces que prepararon algunhas persoas da Parroquia. A



feita e a comida sempre axudan a face-lo camiño.

28 de marzo

Unha representación dos irimegos de Vigo xuntámonos o domingo 28 de marzo para avalia-la “Irimianza-93”. Detectamos unha boa participación no acto, con xente tanto da zona de Coia coma doutras partes de Vigo; máis xente maior ca nova, tamén hai que dicilo porque é unha cousa que nos preocupa. Detectamos tamén a pouca colaboración dos medios de comunicación en propaga-lo acto. Soamente algunhas emisoras de radio difundiron a nova da Irimianza. A colaboración da prensa case nula, nun día que aparecían novas por todas partes do Xacobeo, “folclórico”. Tamén detectámola necesidade dunha xuntanza de máis comunicación e intimidade ó estilo da “Festa do Lume”. Pero todo positivo, aínda que queremos mellorar pró ano moitas cousas.

Con respecto ò positivo, algunha das comunidades participantes sacou as súas conclusións para a súa espiritualidade. Programaron un “Camiño de Santiago” simbólico que recollese o seu camiño actual e lle dese un sentido. Así fixeron un itinerario: Vigo (a solidarie-

dade cos parados, a loita no medio da crise), Tui (o rexeitamento da xenofobia contra o pobo irmán -Portugal- e contra tódolos demáis), Pontevedra (a loita ecolóxica), Vilagarcía (a loita contra a droga e os cartos fáciles), Vilagarcía (o apoio a lingua, a cultura, o rural galego) e por fin Santiago (o Home e a Muller novos reconciliados consigo, cos outros e con Deus). Dende este itinerario que formou parte da celebración penitencial de Coresma, comprometéronse a facer tódolos camiños físicos de nenos xoves e adultos programados ó longo do ano.

Outra das comunidades presentes no acto quedaron en preparar algo tamén para o mes seguinte. O importante é que a “Irimianza” dese os seus froitos.

Vainos facendo o camiño

Pró ano pensamos dividi-la Irimianza en dúas partes. Unha primeira a levar a cabo entre os meses de Novembro, Nadal e Xaneiro. A poder ser dun día enteiro con reflexión, xantar e oración; sería para o máis metidos en Irimia. E outra máis adiante en plano de difusión dalgún tema interesante na liña da espiritualidade da liberación, e do compromiso coa lingua e coa cultura. Pensabamos na posibilidade de pedi-lo Auditorio de Caixa-Vigo. Sería aberto a todo mundo, e manifestando a entidade da espiritualidade do noso sector de igrexa.

Para informar de todas estas cousas a tódolos irimegos de Vigo e decidir con eles o plano do ano, quedamos en convocar a través de Irimia unha *xuntanza nos locais da Parroquia Cristo da Victoria o sábado 29 de maio, ás 7'30 da tarde*. E tamén quedamos en convocar outra en vésperas da Romaxe para ambientarnos un pouquiño, organiza-la nosa viaxe, e tamén levar organizado algunha cousa en conxunto.

MAITE E MANOLO

Lingua e humor (5)

Desmonta-la grandeza allea

Por veces un comentario irónico ten a misión de defenderse da grandeza allea. Contaba un meu profesor, el saberá se foi certo, que estando no 36 alguén facendo un mitin no Obradoiro na campaña do malogrado Estatuto de Autonomía, un paisano berrou dende o público *¡Esas e as do candil son torcidas!* aludindo a que os políticos estaban sendo sofistas e demagogos. E disque a xente pegou a rir tanto, que se desfixo o clima que crearan os oradores e non houbo forma de segui-lo mitin.

Pero cantas veces, estando alguén facéndose por moito, queréndonos convencer dos seus méritos ou os daquilo do que nos quere convencer, un simple *¡xa!*, dito por alguén dos que escoitan, destece nun instante a tea de araña que

tecera. É fulminante cando alguén está dicindo que nunca se viviu tan ben coma cando gobernaban ou gobernan os que a el lle gustan. *¡Xa!*

A retranca leva por veces a ridiculiza-la grandeza do alleo. Como estean botando por ela, esaxerando as cualidades dunha vaca e o paisano comente:

-¡Ui, si, dá leite polos cornos!

o vendedor xa non ten nada que facer.

En cousas menos importantes tamén funciona o humor. A muller que para facerse máis nova di que ten corenta anos, pode oír polo baixo

Corenta en cada brazo.

O que me acorda aquela norma do dereito canónico que aconsellaba que as amas dos curas fosen mulleres de idade e o noso profesor, o célebre Villasante, dicía polo baixo que o Código non dicía se a idade a tiñan que ter nun tomo ou podían tela en varios tomos.

Incontrolables peregrinos

Principios de Semana Santa.

Pacíficos peregrinos en sufridas parellas van chegando sen folgos ó cume do cebreiro. Grandes esperanzas no Xacobeo Galego. ¿Remataron as estreituras do Camiño Castelán?

Pouco a pouco xúntase un grupo de máis de douscentos.

Enorme frustración, gran chasco, cabreo total: ¡O Refuxio está pechado á espera do gran inaugurador, que está de retiro!

E un dos da foto, tomando o liderato, berra ¡Ata os mesmísimos xacobeos de tanta propaganda!

E os pacíficos peregrinos mudan en auténticos pelegríns.

E toman pola forza, con santa indignación, o Refuxio feito para eles. Acóbíllanse, dormen, fan de corpo e á mañá seguinte seguen o Camiño convencidos de que o Apóstolo Santiago faría algo semellante.



1. En España, Italia e Francia anda contenta a dereita porque disque o socialismo sofre unha gran desfeita.
2. En Francia foi derrotado o partido socialista porque ás promesas sociais seica lles perdeu a pista.
3. Peor é a cousa en Italia onde a enteira nación tapa o nariz cos dedos porque cheira a corrupción.
4. Cínico é escandalizarse do que en Italia se dá tendo en conta o que xa deu a Democracia Cristiá.
5. Tal partido de dereitas en máis de corenta anos sementou a corrupción con abusos e enganoso.
6. Todo pretendendo ser partido confesional froito do "voto católico" e coa bendición papal.
7. ¿E que dicirmos de España? Esa dereita inefable, caciquil, señoritanga, resulta impresentable.
8. Tras séculos de dominio a dereita raccionaria creou unha sociedade bastante retardataria.
9. Foi por iso unha esperanza trala morte do franquismo que empuñase o temón do goberno o socialismo.
10. Pero axiña o Pesoe deixou de ser socialista apoiando, sen pudor, a causa capitalista.
11. Dá noxo agora o asunto deste histórico partido que quizais non está podre pero si balorecido.
12. Mágoa que a falta de creto de Felipe poida dar esperanzas no PP que comanda don Aznar.